



**Convocado pola Asociación de Xornalistas e Estudosos do Camiño de Santiago
(APECSA)**

V Premio Internacional de divulgación do Camiño de Santiago

Edición dedicada a Jeannine Warcollier. O premio consistirá, igual que nas edicións anteriores, nunha escultura, *Harmonía*, de Luís Loureira

Santiago de Compostela, 27/5/2017.- A Asociación de Xornalistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA), formada por profesionais da comunicación, escritores, historiadores e estudosos do Camiño de Santiago, convoca a Quinta Edición do Premio Internacional APECSA, de divulgación dos valores do Camiño de Santiago, correspondente a este ano 2017 e ao que poderán presentarse obras e iniciativas de divulgación e promoción xacobeas -libros, publicacións, producións audiovisuais, series en calquera soporte, congresos, xornadas, encontros, etc.- editadas ou executadas nos anos 2015 e 2016.

Esta edición está dedicada *in memoriam*, a Jeannine Warcollier, francesa pioneira no asociacionismo e na promoción e estudo do Camiño de Santiago.

Con este Premio, unha escultora, *Harmonía*, de Luís Loureira e un diploma acreditativo, APECSA quere distinguir ao mellor traballo de difusión e promoción vinculado ao mundo xacobeo, publicado ou realizado nos dous anos anteriores ao desta convocatoria. O prazo de presentación e recepción de obras e iniciativas para concursar concluirá o día 5 de setembro de 2017 e o acto de entrega do Premio realizarase no último trimestre deste ano.

As obras que queiran presentarse entregaranse ou remitiranse ao seguinte enderezo: Rúa Castrón Douro, nº 20. 15703 Santiago de Compostela. Os interesados poden solicitar máis información a través do correo electrónico da Asociación que convoca: periodistas.caminodesantiago@gmail.com

O xurado estará formado por 5 persoas de recoñecida traxectoria. Dous membros corresponderán a APECSA, designados pola súa xunta directiva, e os tres restantes representarán ás asociacións ou colexios de xornalistas, ao mundo da hostalería e o comercio vinculados ao Camiño, e ás entidades xacobeas (asociacións, institucións, etc.).

Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago
periodistas.caminodesantiago@gmail.com